

Teté Delgado

▼ BERTA REY W.

Coñecímonos alá polo ano 85, cando Teté era estudante de psicoloxía e soñaba xa con adicar a súa vida a escena. Pasou o tempo e abandoou a carreira universitaria para entregarse totalmente ó mundo da imaxe, preferentemente ó da televisión, e é, na actualidade unha das caras que con máis constancia aparecen na cadea autonómica. Vital, deshinibida e marchosa, Teté ofrece na pantalla unha imaxe cabal da súa personalidade.



Teté, ¿Sempre a escea?

Si, sempre tiven o gusanillo do espectáculo. No colexio xa estaba metida en tódalas actividades deste tipo e tiven algunhas experiencias de teatro aficionado en Porriño, donde me criei.

E profesionalmente ¿cómo comezaches?

O primeiro que fixen en serio foi no ano 86 ou 87 con Daniel Domínguez. Era un corto, unha adaptación dun conto de Ferrín que se chamaba "Río de Sombras" e trataba dunha historia de contrabando que tiña lugar nun

"Cantar

nun escenario é un
veleno corrosivo sen
o que me resulta
difícil andar por aí.



pobo galego a beira do Miño en relación directa con Portugal. Bueno, tiña un pouco de misterio, de xogo coa vida e a morte, cos soños, coa vida do pobo, era moi bonito e estivo moi ben.

Despois veuno Reixa e chamoume para facer de dona de pensión ruín en "Todo está na castañeta", que era un capítulo dunha serie que se chamaba "Carta de Desaxuste". Grabouse con toda a xente que daquela andaba por aí: Fernando Franco de periodista intrépido, Siniestros, xente de Resentidos, un anano traído de Monforte... Bueno, un desquicie destes de Reixa moi, moi divertido. E a continuación xa entrei na Televisión Galega, por medio dun *casting* que fixeran, para presentar un programa de ensino informativo destinado.

Pero cando saltaches realmente á fama foi coa "Reoca" ¿non?

Si, foi o que me lanzou. Ademais facía un persoaxe que era coma min un pouco máis esaxerado e calou bastante. Este traballo compaxineino cun pequeno papel de coro en "Yerma", que foi o primeiro teatro en serio que facía. Eu estaba superilusionada e pensaba que ía aprender moito. Despois non foi así: eran un director e unha obra bastante problemáticas pero con todo, foi unha experiencia interesante.

Traballei tamén de mentireira no "Supermartes", onde tamén facíamos de distintos persoaxes, e despois "Na Casa". Cando rematou tiven 15 días de descanso e xa empecei con "Café, café". Tamen fixen "A Cámara Oculta" con Fandiño e de mala da película na telenovela "Compostela sol e lúa".

No medio destes programas adiqueime a outra das miñas paixóns dende 8º de EXB en que aprendín a tocar a guitarra. Chamáronme para cantar cunha orquesta bastante especial porque estaba formada por músicos de rock e tocábamos música de baile, de berbena. Foi unha decisión difícil porque dubidaba de que o meu corpo e a miña voz aturaran tremebundo esforzo. Por outra parte non tiña craro que me fose ir ben para min e o meu traballo: tiña medo de que despois

non me deran cousa ningunha de responsabilidade. Isto para min non ten sentido pero sei que para moita xente é así. A final decidín que ía a iso, díxenme, imos empezar xusto dende abaixo, porque máis abaixo non se pode empezar.


Esta faceta túa resultábame descoñecida. ¿Como che foi?

Aprendín moitas cousas. Canto un pouco mellor, collín moitas táboas, cousa moi útil no meu traballo, coñecín a moitísima xente e cambiei o concepto que tiña das berbenas: nunca irei a unha berbena do mesmo xeito ca antes, agora terei catro ou cinco mil veces máis respecto. Foi durísimo, paseino moi mal e tamen moi ben. Momentos nos que só pensas en marchar para casa polo cansancio ou atoparte mal mesmo de saúde, porque durmías pouquísimo. A parte, a resposta da xente, que as veces estaba coma se non estivera. Bueno, outras veces parecíamos os Rolling Stones, eu sentíame xa coma Tina Turner. Vamos, que disfrutaba o escenario moitísimo. En fin, que eu quero iso pero doutra maneira, empezar cun grupo e aí estamos "T. T. Teté e os Supremos". Martín, Tino Grandío e Marcos Tellería estan facendo as cancións. Temos xa dúas grabadas en maqueta, e queremos facer máis orixinais.

En canto as teñamos, buscaremos músicos que se adapten máis ó que queremos facer e sairemos a rachar por aí. Iso sí, moi ben ensaiado, moi ben traballado e moi ben feito. Montarte un grupo cando és coñecida é un arma de dobre fío ¿non?, por un lado a xente ten curiosidade por escoitarte, pero tamen esixen máis. Non quero para nada aproveitar o momento nin historia ningunha desas, porque nin son tan famosa nin tan a repera como para que traguen co que eu faga.

Con actividades tan distintas terás que establecer unha orde de prioridades ¿non? O mundo da música tamen require moita dedicación.

Si, pero quero intentalo porque sempre me gustou. Cantar nun escenario



é un veneno corrosivo sen o que me resulta difícil andar por aí. Os subidóns, as satisfaccións que sintes cantando nun escenario non chas da nada e quero volver a sentilo facendo ademais a música que a min me gusta que isto é o que vou facer. Mira, Tina Turner tivo que esperar ós 40 anos, imaxínate, o que debeu pasar esa tía non o vou sufrir eu. Bueno, se fosen saíndo actuacións deixaría moitas cousas, aínda que por outra parte o mundo da imaxe tírame moito do sangue.

Es unha persoa que atende moito ó que lle tira o sangue, coma ti decías?

Moitísimo, porque se algo me gusta, e pásame con todo, son quen de deixalo absolutamente todo por facelo ou realizalo. Cando cantaba coa orquesta pasei por situacións polas que só pasas se che gusta moito o que fas, porque non se fan nin polo que pagan nin polo espectáculo, con fallos

nas luces, no escenario, o toldo que se chovía era imposible non mollarse, pasarte vacas correndo por diante en medio da actuación, aturar ós da comisión... E xa ves, aquí estou, pensando en seguir con iso. Ilusionaríame facer unha comedia musical porque podes conxugar distintas facetas do espectáculo... pero agora quero cantar Soul. Volver un pouco ó estilo dos grupos de *chicas* de finais dos 60, unha maneira persoal de dicir as cousas. Muller, encantaríame cantar coma Tina Turner, pero coma Tina Turner canta ela.

Bueno, parece que tamen vai moito co teu caracter, con ser unha muller moi rachada, moi botada para diante, ¿non che da inseguridade entrar así noutra actividade distinta á que viñeches desenvolvendo?

Craro, pero non só por ser unha cousa nova. Mira, cando me propuxeron facer "Na Casa" non me creía que me

"Agora

**son algo popular,
pero neste mundo
non podes durmirte.**

//

chamaran a min para facer un programa de presentadora dun magazin, non de axudante ou colaboradora como nos que fixera antes e pasei medo. Cando andaba cantando por aí, tivenme que sobrepoñer a situacións increíbles.

Supoño, mais polo que contas tiveches unha actividade moi continuada dende que empezaches e iso supoño que tamen axuda ¿non? ¿Pensas que foi unha cuestión de sorte?

Si, creo que tiven bastante porque

fun enganando dunha cousa noutra. Cando fixen "Río de Sombras" xa me veu Reixa e me ofreceu outra cousa. Cando empezou a "Reoca" estaba facendo bailes de salón e se fixo un programa de Xosé Antonio Perozo, "As de Ouros", gosteille para facer de señorita Teté e alí quedei. Se o miras así parece moi doado, pero tamen é certo que eu facía bailes de salón cun obxectivo preciso, o mesmo polo que levaba tempo preparandome con cursiños de teatro, de cabaret, etc. Tiven sorte pero tamen o traballei. Agora

son algo popular, pero neste mundo non podes durmirte. O primeiro día dun novo programa o único que tes son catro incondicionais, logo tes que volver a gañarte a audiencia.

E esa audiencia, ¿qué che da?

Dache a satisfacción de ver que lles caen ben, que lles das algo que os anima. As veces, cando saíamos do plató entre o público de "Supermartes", velas que vías que estaban moi sóas collíanme a cara e me falaban coma á netiña. Con "Na Casa", dicíame que cando estaban aburridas ou enfermas lles daba moitísima marcha.

E iso de ser coñecida ¿como o levas, resúltache cómodo?

E divertido. A xente coñécete e góstaslle aínda que non sexas unha Greta Garbo. Resulta reconfortante. A parte negativa é que tamén atopas outra que se sente co dereito de vulgar, non só o teu traballo senon tamen a ti e á miña vida per-



soal. Fóra disto lévoos moi ben, porque máis cá da televisión son Teté, e tes de repente un mogollón de coñecidos que nin sospeitabas.

¿E a competitividade? A televisión ten sota de ser un medio onde se establecen unhas relacións moi competitivas.

Eu creo que non hai demasiada. Por outro lado, eu a maior parte das cousas que fixen foron para Galaxia, e non tiveron un contacto moi estreito coa xente que traballa para a TVG. Tamen teño que dicir, e quizais iso sexa o fundamental, que eu nestas historias non entro, non estou aí.

¿Cres que con respecto á muller as críticas son máis duras, ou atenden máis ó plano persoal có profesional?

Mira, a TV é imaxe, nese sentido non está mal que teñas un físico agradable. O que é absurdo é contratar a unha muller moi guapa pero que o fai mal. Nas críticas á muller iso mírase máis e escoítanse máis comentarios do que fai tal tía e cómo.

Volvendo ó plano profesional, pensas que para o que pretendes facer deberías prepararte máis indo, por exemplo, a estudar Arte Dramático?

Non. Si ir ós cursos que teñas oportunidade. Hai que prepararse moito, pero carreiras coma a de María Pujalte, para min unha das mellores hoxe en Galicia, fixéronse con moitos cursos, estudando, collendo cousas aquí e alá. Por outra parte tal como está o panorama en Galicia, creo que é o que conta.

¿Pensas que máis iso temos unha boa cantante?

Si. Hai xente nova boísima. Lévan-no dentro. ¿De onde saíron xente coma a de Matarile ou Ollomol?, de ser autodidactas, de dedicarse a iso e de facer moito Teatro, porque aquí non temos moitas oportunidades para aprender estudando.


Ese e outros. Refírome a aparición de Salas como a Galán ou a Nasa que dan a oportunidade de representar e ver moito máis Teatro.

Efectivamente. A Galán, máis de minorías, e a Nasa onde todo o mundo

pode facer cousas, son proxectos de moito valor. Tanto coma a xente que os creou, porque esixen moita dedicación e onde eles arriscaron moito. A parte, a Nasa ten o, digamos, Taller, que sempre está montando cursos e se pode aprender. En Porriño pasa algo parecido coa recuperación do Ate-neo por Uxía e un grupo de xente.

Xa no plano familiar ¿Como levou a túa familia que te dedicaras a esta actividade?

Cando empecei aínda estaba estudando psicoloxía e os meus pais, coma tódolos pais, tiñan "carreritis", á parte de que eu era moi nova. Eles



querían para min algo máis seguro, pero cando veron que a cousa marchaba quedaron moi contentos. Non deixan de preocuparse cada vez que quedo sen traballo ou me meto nalgo novo, pero foron verme ó teatro e tamen a unha actuación da orquesta, e levaron á familia case enteira.

¿Cres que a imaxe esa que das, rachada e vitalista, correspóndese co que realmente es?

Creo que son unha Cáncer con ascendente Leo, e como Cáncer lunática, soñadora e intuitiva, mesmo estou arriba coméndome o mundo que, de súpeto e por unha chorrada, derrúm-

||
... *NON*
son quen de facer
que a cabeza sexa
máis forte có
corazón.

||

"Góstame

a parafernalia, entras no campo e está cheo de enerxía, ten moitísima marcha.



bome e caio na máis profunda das depresións. Ou ó revés. O de rachada venme de Leo e de Malpica, que dalí son por parte de pai, así, da Costa da Morte, vamos, algo pesca. E de cativa, ata que me revirei, -dame raiba dici-lo-, era unha nena boíña e obediente aínda que, iso si, algo lercha.

E a vida afectiva ¿como a levas, ben, mal.. como é: monógama, polígama?

Unha desfeita. Teño unha rara habilidade para sair dun souto e meterme noutro. Para min iso de "chico coñece chica, van cear, regalalle flores..." non sei o que é nin vai moito connigo. No de monógama... cando me enamoro de alguén son incapaz de ter relacións extraparella. Cando non, pois bueno, a min os mozos sempre me gostaron moito. Cústame moito enamorarme pero cando me pasa pode ser cuestión de 5 minutos, e digo, ¡xa a fastidiache!, porque son das de contigo pan e cebola, desgraciadamente.

A parte, a min o corazón arrástrame, se estou enamorada ando activísima, vexo á xente marabillosa... mais se as cousas van regular ou mal sufro moitísimo e todo se volve gris...

Bueno, iso é bastante xeral ¿non? polo menos entre as mulleres.

Si. Os tíos tenden moito a meterse no traballo, parecen máis racionais. Eu, aínda que pense que algo me está fastidiando non son quen de facer que a cabeza sexa máis forte có corazón.

Nas relacións persoais, ¿es unha muller con iniciativa?

Dicididamente sí. Os homes non lles gusta moito, asústalles un pouco. Pero ós que máis lles gusta son os máis guais. Bueno, tampouco penses que son moi descarada, entre outras cousas porque me encanta o xogo, a seducción é moi divertida... sempre enamorando, conquistando... pero non en plan argalleiro. Góstanme os homes que saben chorar cunha canción e ós 5 minutos dánche un *meneo* que che deixa tola. Os homes moi homes, non no sentido machista, senon que igoal que choran por algo, sabes que contas con eles para chorar se o necesitas. ¡Vamos! deses que non hai.

E vives soa. ¿Góstache, como levas a soledade?

Moi ben, estou contentísima. Penso que ten vantaxes e desvantaxes, pero o positivo supera o negativo. Góstame estar sóa e cando quero xente saio e a busco. Ademais, como levo unha vida tan movida, cando estou na casa quero tranquilidade. E teño unha casa moi ordeada, contrariamente ó que pensa a xente véndome. A desorde está fóra, a orde, dentro. Cando estou confusa ordeo algo, ó tempo que vou poñendo orde nas cousas, pónnoo tamén no meu interior. E non creas que é fácil porque eu o gardo todo, son moi fetichista. ¡Fíxate, ata teño gardada a bolsa de pipas que me comín a primeira vez que fun ver xogar ó Compostela!

¿Tamén forofa do Compostela?

Dende o primeiro día que fun, engancheime. Góstame a parafernalia, entras no campo e está cheo de enerxía, ten moitísima marcha. Pero son unha forofa que os apoia mesmo cando van mal. Penso, ó mellor, cousas que o resto da hinchada non, por exemplo o que pasa pola cabeza dun futbolista nunha determinada xogada... Bueno, non son o que se dí unha afecioada ó fútbol senon ó Compostela, nas súas virtudes e nos seus defectos.

Ben, xa para rematar, dime unha letra das túas cancións.

Dúas letras que teñen que ver moito connigo. "Dame máis, agora que me bicache, cariño, quero máis" que aínda que é unha canción referida a un tío, refréxame no sentido de que nunca me conformo co que teño. A outra, "de todas esas cousas que sinto que me estou perdendo" que se refire a unha sensación moi miña de que sempre estou perdendo o tempo. ¡Estou desexando empezar a cantar, meterme en fariña, e estou nervosa por cómo vai saír!

A ver, é toda unha aposta.

Si, pero agora vou apostar por min.

Pois que haxa sorte.

E se non a hai, buscaréina.

Ela é así. ▶